⁴⁷ Vid. JENNY POTTER, "Consumerism and the Public Sector: How Well Does the Coat Fit?", en *Public Administration*, vol. 66, Summer 1988, pp. 149-164.

zaxe moi longa⁵⁰, un cambio de mentalidade dos xerentes públicos⁵¹ e unha vontade continuada de cambio nos decisores políticos, o que se revela como un obstáculo moi difícil de salvar polo continuo cambio de prioridades dos decisores políticos.

3.2.2 Participación de empregados e cidadáns na xestión pública.

Nas esferas de xestión e organización públicas o *empowerment* vai ter, segundo Kernaghan,⁵² dúas dimensións claramente identificables, unha interna e outra externa.

i) A dimensión externa refírese á participación de clientes ou consumidores no proceso de elaboración de decisións da organización, a manter un diálogo cos usuarios para melloral-la calidade e efectividade dos servizos (pártese da crenza de que unha cidadanía vigorosa é compatible coa efectividade da Administración)⁵³ e para reforzal-la implicación dos cidadáns na vida política revigorizando os valores democráticos⁵⁴. Algún autor propón incluso, como resposta á crise do Estado de benestar, deseñar unha serie de innovacións institucionais que permitan unha maior liberdade e participación do individuo, tomado por separado, na xestión pública⁵⁵. En efecto, presentouse un interese crecente pola participación cidadá na Administración pública, podéndose afirmar que a mediados dos anos 80 a participación cidadá modificara, polo menos nos Estados Unidos, os métodos habituais de toma de decisións públicas.

A participación pública na Administración ten dúas variantes⁵⁶:

public Involvement and Governmental Effectiveness", en *Administration & Society*, vol. 24, nº 4, February 1993, pp. 444-469. Tamén matiza esta afirmación Camilla Stivers, "Some Tensions in the Notion of 'The Public as Citizen'. Rejoinder to Frederickson", en *Administration & Society*, vol. 22, nº 4, February 1991, pp. 418-423. (Refírese a un artigo de Frederickson ó que axiña faremos mención).

⁵⁴ Vid. HENRY G. CISNEROS e JOHN PARR, "Reinvigorating Democratic Values: Challenge and Necessity", en *Public Management*, February 1991, pp. 3-6.

⁵⁵ Vid. PAOLO FLORES D'ARCAIS, "El eclipse del ciudadano", en Josep Mir (ed.), *Crisis económica y estado del bienestar*, Instituto de Estudios Fiscales, Madrid, 1989, pp. 209-225.

⁵⁶ Vid. MIGUEL SÁNCHEZ MORÓN, *La participación del ciudadano en la administración pública*, Centro de Estudios Constitucionales, Madrid, 1980, pp. 135-164.

⁴⁸ Vid. G. D. WAGENHEIM e J. H. REURINK, "Customer service in Public Administration", en *Public Administration Review*, vol. 51, nº 3, May/June 1991, pp. 263-270.

⁴⁹ Vid. R. LAUFER e A. BURLAUD, *Dirección pública: Gestión y legitimidad*, INAP, Madrid, 1989, pp. 157-291.

⁵⁰ Vid. JIM TATTERSHALL, "Implementing Total Quality Management with Action Learning", en *International Journal of Public Sector Management*, vol. 2, nº 3, 1989, pp. 47-55.

⁵¹ Vid. C. POLLIT, "Doing Business in the Temple? Managers and Quality Assurance in the Public Services", en *Public Administration*, vol. 68, Winter 1990, pp. 435-452.

⁵² Vid. KENNETH KERNAGHAN, "Empowerment and Public Administration: Revolutionary Advance or Passing Fancy", en *Canadian Public Administration/Administration Publique du Canada*, Vol. 55, nº 2, Summer 1992, pp. 194-214.

⁵³ Vid. JACQUES CHEVALIER, "Le discours de la qualité administrative", en *Revue Française D'Administration Publique* nº 46, Avril-Juine 1988, pp. 287-309. Non obstante, algúns autores discrepan e afirman que unha maior participación non ten por qué significar unha mellora na eficacia. Haberá casos en que si e casos en que non. Vid. J. C. THOMAS, "Pu-

a. A participación individual, podendo ser esta articulada: 1) como participación do individuo illado, ben para proporcionarlle datos técnicos á Administración, ben para considerala súa opinión como portador dun interese; 2) por medio do referendo, se ben esta acción non se realiza individualmente, senón colectivamente; 3) mediante a elección de representantes en estruturas administrativas.

b. A participación colectiva, que é a máis importante. Realízase a través de organizacións agrupadoras de intereses. Esta participación pode revestir varias formas organizativas: a) representación electiva (representación a través de grupos sociais tales como partidos, sindicatos, asociacións de veciños, etc.); b) representación de intereses (organizacións de base voluntaria ou espontánea); c) institucionalización da función do sindicato no exercicio das funcións públicas; d) posible institucionalización tamén doutros grupos de presión, como asociacións de consumidores, de pais de alumnos, etc.

Ultimamente se reclaman, inténtanse articular, mecanismos de participación máis individualizados libres do control das organizacións mediadoras. Así, proponse con este fin realizar asembleas veciñais, unha maior educación cívica, procesos nacionais de iniciativas e referendo, votacións electrónicas consultivas, eleccións por sorteo (como na Atenas clásica), democracia no lugar de traballo, entre outras propostas⁵⁷.

ii) A dimensión interna aplícase á participación de xerentes e empregados da organización. Búscase con este método realza-los sentimentos de auto-eficacia entre os membros da organización e a través da eliminación das condicións que fomentan a impotencia no interior da organización. Buscarase mobiliza-las enerxías dos empregados cara ós obxectivos da organización, a través da implicación dos traballadores⁵⁸, de permitirlles, á xente da organización, seren eles mesmos e actuar do xeito, sempre que sexa posible, que os traballadores crean máis apropiado⁵⁹.

3.3 Tendencias previsibles na xestión pública

No mundo da xestión pública é moi difícil facer prognósticos. As técnicas milagrosas que reestructuran reinventan e reforman a Administración pública, a maior parte das veces inventadas, estruturadas e reformuladas en lucrati-

⁵⁷ Vid. H. G. FREDERICKSON, "Hacia una teoría del público para la administración pública", en *Gestión y política pública*, vol. 1, nº 1, julio-diciembre 1992, pp. 7-31.

⁵⁸ Vid. LUC ROUBAN, "Le client, l' usager et le fonctionnaire: Quelle politique de modernisation pour l'administration française", en *Revue française d'administration publique* nº 59, juillet-septembre 1991, pp. 435-444.

⁵⁹ Vid. ROY R. PEDERSON, "Empowering an Organization", en *Public Management*, August 1989, pp. 2-3.

⁶⁰ Vid. RICARD GOMÁ e QUIM BRUGUÉ, "Nuevos modelos de gestión y organización pública", en *Autonomies* nº 18, 1994, pp. 207-229.

⁶¹ Á parte destas dúas técnicas, está cobrando forza ultimamente outra chamada "deadministración", pero que aínda non contamos con estudos de caso suficientes como para darlle algunha relevancia. Vid. J. A. OLIVEIRA ROCHA, "A Desadministração do Estado", en *Administração*, Jan/Mar. 1993, pp. 25-31.

⁶² Vid. R. M. HODGETTS, F. LUTHANS e S. M. LEE, "From Total Quality to Learning to World-Class", en *Organizational Dynamics*, Winter 1994, pp. 5-19.

⁶³ Vid. M. HAMMER e J. CHAMPY, *La reingeniería de la empresa*, Parramón, Barcelona, 1995.

⁶⁴ Vid. TONY BOVAIRD e R. HUGHES, "Re-engineering public sector organizations: a case study of radical change in a British local authority", en *International Review of Administrative Sciences*, vol. 61, 1995, pp. 355-372; ARIE HALACHMI, "La reingeniería en el sector público: El caso de la administración de la seguridad social y el proceso de determinación de incapacidad en los Estados Unidos", en *Reforma y Democracia* nº 5, Enero 1996, pp. 117-140.

vas empresas de consultoría, sucédense a si mesmas unha e outra vez, polo que é de agardar que estas técnicas tan inovadoras gozen dunha vida corta. A isto contribúe o incremento da complexidade do contorno das organizacións do sector público, que pasa de xestionar un contorno estable a xestionar un contorno incerto,⁶⁰ polo que non é de agardar que os principios de achegamento ó administrado, de capacitación dos empregados e clientes, e flexibilidade estrutural, propios deste novo contorno, se deixen de lado, polo menos a curto prazo.

No momento actual, as técnicas emerxentes que se perfilan con máis éxito non esquecen estes principios. Así, entre os paradigmas organizativos que se perfilan como sucesores da calidade total, a organización "World Class" e a reenxeñería de procesos⁶¹, non se observa unha crítica radical a estes principios, se ben na reenxeñería estes principios, aínda manténdose, pasan a un segundo plano.

As organizacións "World Class"⁶² inspíranse nos postulados da xestión de calidade total, pero profundizan máis, se cabe, en aspectos como a orientación ó consumidor da acción organizativa (tódolos sistemas e o *staff* deben estar organizados para servir ó cliente), a énfase na flexibilidade das estruturas e, sobre todo, na aprendizaxe e na mellora continuas, a través dun elaborado proceso de retroalimentación de información.

A reenxeñería de organizacións do sector público é unha técnica que ten, como case todas ás que nos referimos, a súa orixe no mundo da empresa privada. Está baseada na obra de dous teóricos da xestión Hammer e Champy,⁶³ que centran o seu interese nos procesos internos da organización, deixando nun segundo plano, sen esquencelas, as relacións internas da organización. É unha técnica que gusta dos cambios radicais, e polo tanto desconfía dos procesos incrementais de cambio, na estrutura das organizacións. Seguindo o proceso habitual esta técnica administrativa foi adaptada rapidamente, polo menos na teoría, ás necesidades do sector público⁶⁴, enfatizando no redeseño estrutural das administracións públicas e na capacitación dos empregados, de tal forma que estes participen na toma de decisións da organización.

As técnicas de xestión de calidade total e de reenxeñería son distintas pero non son incompatibles e, de feito, hai intentos, máis ou menos afortunados, de combina-lo interese

pola reestruturación interna e a mellora de procesos coa orientación ó consumidor propia da calidade total⁶⁵.

Sen embargo, e aínda que pareza contradictorio co dito ó principio, o declive do "taylorismo" non implica que as organizacións xerárquicas, ó vello estilo, vaian desaparecer por completo nos anos vindeiros. Estas aínda continúan a desempeñar á perfección o seu papel en contornos estables e en determinados sectores productivos onde a estandarización é a norma, como é o caso de moitos servicios públicos. Por conseguinte, é moito máis sensato suxerir, como fai Hood⁶⁶, un futuro plural, na Administración pública, no que convivan organizacións burocráticas e novas organizacións posburocráticas vinculados ambas pola súa dedicación a servir intereses públicos.

4. Orientación ó consumidor e participación na xestión, na experiencia de reforma administrativa de Galicia

As administracións autonómicas van ser un caldo de cultivo ideal para a experimentar estas reformas, pois estas están a desenvolver nun marco político que busca dota-las administracións públicas dunha maior flexibilidade e eficiencia⁶⁷, se ben, como sinala Martín Mateo⁶⁸, estas administracións autonómicas non ofrecen especiais singularidades (organizativamente falando) á hora de instaurar unha xestión de calidade. Inseridas neste contorno, as reformas administrativas emprendidas na Comunidade Autónoma de Galicia nos anos 90 non van ser alleas ás correntes transformadoras provenientes das administracións do seu contorno. En efecto, á imaxe e semellanza das administracións autonómicas catalana⁶⁹ ou vasca⁷⁰, a reforma estableceu, segundo Losada⁷¹, desde o principio, como un obxectivo fundamental, a necesidade de aproxima-la Administración ó cidadán e mellora-la eficacia da xestión. Vexamos cómo se expresa nos textos orientadores da reforma, en primeiro lugar, a orientación ó cliente da Administración e, en segundo lugar, a vontade de achega-la Administración ó cidadán, incrementando a súa participación.

⁶⁵ Vid. J. FIORELLI e R. FELLER, "Re-engineering TQM and Work Redesign: An Integrative Approach to Continuous Organizational Excellence", en *Public Administration Quarterly*, Spring 1994, pp. 54-63.

⁶⁶ Vid. C. HOOD, "Beyond «Progresivism»: A new «Global Paradigm» in Public Management", en *International Journal of Public Administration*, Vol. 19, nº 2, 1996, pp. 151-177.

⁶⁷ Vid. MANUEL VILLORIA, "El fenómeno modernizador en la administración de la comunidad de Madrid", en *Autonomías* nº 18, 1994, pp. 147-172.

⁶⁸ Vid. RAMÓN MARTÍN MATEO, "El sistema administrativo clásico y su permeabilidad a los nuevos paradigmas de la calidad total", en *Revista de Administración Pública* nº 134, Maio-Agosto 1994, pp. 7-27.

⁶⁹ Vid. MARISA FLORENS I PALAU, "La reforma administrativa en la Comunidad Autónoma de Cataluña", en *Revista Galega de Administración Pública* nº 2, 1993, pp. 121-150.

⁷⁰ Vid. JON IMANOL AZUA Mendia, "La calidad en la administración pública", en *Boletín de estudios económicos*, vol. XLVI, nº 143, Agosto 1991, pp. 309-318.

⁷¹ Vid. ANTONIO LOSADA, "La administración autónoma gallega: primeros pasos de una reforma", en *Autonomies* nº 18, 1994.

⁷² Vid. DOSITEO RODRÍGUEZ, *Textos para unha reforma administrativa*, EGAP, Santiago de Compostela, 1992, p. 27.

⁷³ Vid. DOSITEO RODRÍGUEZ, "Reforma e modernización da Administración pública galega", en *Revista Galega de Administración Pública* nº 5, 1994, pp. 11-40.

⁷⁴ Vid. MIGUEL ANXO VÁZQUEZ ARES, *Calidade total na administración pública e o Sistema de Xestión de Procedementos Administrativos (SXPA)*, relatorio presentado ó Seminario sobre xestión de calidade nas administracións públicas, Santiago de Compostela, 9 e 10 de xuño de 1994.

⁷⁵ Vid. JAIME BOUZADA ROMERO, "A reforma administrativa autonómica de Galicia", en XAIME RODRÍGUEZ-ARANA (coord.), *Reforma Administrativa*, EGAP, Santiago de Compostela, 1993, pp. 89-98.

⁷⁶ Vid. D. RODRÍGUEZ, "Reforma e modernización...", *op. cit.*, pp. 19-22.

4.1 Orientación ó consumidor na reforma.

Pártese da base de que o obxectivo da reforma non é o de incrementa-la clientela, senón o de prestar servizo ó que teña dereito a el, con esta reforma administrativa preténdese obter basicamente dous resultados:

a. Achegarse ó administrado mediante unha serie de actuacións. Este achegamento físico, creando órganos específicos de carácter comarcal con funcións de admisión de documentación e de información xeral⁷². A segunda, de achegamento á información mediante un servizo de atención telefónica e a creación de guías de atención ó cidadán nas que se recollen e simplifícan tódalas informacións de interese que poida precisa-lo cidadán⁷³.

b. Simplifica-lo proceso de xestión administrativa, mediante a instauración dun sistema de xestión de procedementos administrativos, que suporía un achegamento da Administración galega ós postulados da calidade total⁷⁴. Este sistema de xestión implica as seguintes actuacións⁷⁵:

- Identifica-los procedementos administrativos por iniciativa de parte.
- Racionaliza-los procedementos antes referidos e elaboración das aplicacións informáticas dos mesmos.
- Definición e adquisición da plataforma informática global da Xunta de Galicia (*hardware, software* e rede de comunicacións).
- Formación do persoal (usuarios, implantadores e operadores).
- Implantación do sistema.

4.2 Orientación da reforma cara á participación de funcionarios e administrados.

Entre os obxectivos da reforma administrativa, como parte integrante da política de xestión de recursos humanos, figura o de integra-lo persoal nos obxectivos da organización administrativa⁷⁶. Esta integración require inescusablemente:

1. Sensación nos compoñentes da organización de que existen regras claras e aplicables para todos. Esixe mecanismos claros de promoción e mobilidade.
2. Sensación de que o funcionario non é un número, algo descoñecido, senón unha persoa concreta.

3. Sensación de que a Administración se preocupa polo contorno de traballo, desde unha boa adecuación das oficinas ata unha política de apoio social.

A participación na xestión variará segundo o servizo, pero tenderase a descentraliza-la toma de decisións achegando estas, na medida do posible, a aqueles máis próximos ó cliente⁷⁷.

No que se refire á participación do cidadá na xestión hai que salienta-la pouca atención prestada pola reforma a este aspecto. A Administración autonómica está orientada ó cliente, pero non articula novos mecanismos de participación máis alá das institucións electivas de control clásicas, como o Parlamento. Neste apartado só se pode resaltar, como institución de novo cuño, a figura do "Valedor do Pobo" como defensor dos dereitos do administrado. Non se conta tampouco cunha Carta do cidadán galego, manténdose como referencia principal a lexislación estatal sobre protección fronte ó procedemento⁷⁸.

Como conclusión podemos afirmar que a reforma administrativa galega está en liña coas reformas administrativas do seu contorno, logrando, nos poucos anos que leva funcionando, alcanzar unha calidade de servizo aceptable.

Podemos afirmar tamén que é unha Administración que realizou (e segue a realizar) un considerable esforzo por achega-la Administración ó cidadán e por ter en conta os seus desexos, pero que adoce dun considerable déficit de participación cidadá. Polo de agora, é unha Administración para o cidadán pero sen o cidadán. Hai que salientar, tamén, a vontade de integrar na toma de decisións ós funcionarios dos niveis máis baixos, aínda que a participación destes dista de se-la esperada nun sistema de calidade total, que á vista dos textos orientadores é o modelo que se persegue como obxectivo final.


Non se pode, pola contra, e para rematar dun xeito crítico, afirmar que o espírito que guía estas reformas estea inspirado ó pé da letra nestas novas filosofías da xestión pública, senón que aquelas responden, na maioría das veces e como sucede en case tódalas administracións públicas occidentais, a unha adaptación máis ou menos oportunista destas filosofías ós requirimentos e demandas, ben sexan políticos ou da propia Administración, de reforma. É conveniente, pois, que os encargados de continua-la re-

⁷⁷ Vid. M. A. VÁZQUEZ ARES, *Calidade...*, op. cit., p. 2.

⁷⁸ Vid. PABLO GONZÁLEZ MARIÑAS, "Dereitos dos cidadán fronte ó procedemento e reforma administrativa: Algúns aspectos da Lei 30/92, de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común", en XAIME RODRÍGUEZ-ARANA (COORD.), *Reforma Administrativa*, EGAP, Santiago de Compostela, 1993, pp. 31-49.

NOTAS E

COMENTARIOS

forma non se ceguen co brillo fatuo das novas modas de xestión, as cales, baixo a carapucha da novidade, tentarán substituír esta aproximación ó cidadán, e continúen as reformas emprendidas na liña en que están sendo levadas a cabo, e non abandonen este camiño seguindo modas que prometen solucións milagrosas ós problemas das nosas administracións. 

Luis Felipe
López
Álvarez

O Tribunal Constitucional a través da súa xurisprudencia*

Bolseiro do Departamento de
Dereito Público e Teoría do
Estado da Universidade de
Santiago de Compostela

*"We are under a Constitution, but the
Constitution is what the judges say it is, and
the judiciary is the safeguard of our liberty
and of our property under the Constitution".*

Charles Evans Hughes

1. Formulación

* O presente traballo está en grande parte baseado nun capítulo que escribín para o libro *Temas de Derecho Constitucional Español*, Santiago de Compostela, 1995. Este libro foi realizado baixo a dirección do Profesor Antonio Carlos Pereira Menaut e en colaboración co tamén bolseiro Xosé Ignacio Martínez Estray, ambos da Universidade de Santiago. Agradézolles as indicacións que con tal motivo me fixeron.

Pasaron case quince anos desde que o Tribunal Constitucional dictara a súa primeira sentenza, o 26 de xaneiro de 1981. Como tódalas institucións, tamén o noso máis alto tribunal sufriu un proceso de encadramento no inicial esquema constitucional de 1978. O conciso esquema que elaboraba a Constitución en seis artigos previa a súa ampliación pola que sería Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional. Se ben estes anos transcorridos non son suficientes para comprender en toda a súa complexidade a totalidade dun sistema constitucional, pódese supoñer unha marxe de tempo adecuada para que unha determinada institución se consolide no seu funcionamento

e permita a elaboración dun estudio que, necesariamente, debe abranguer non só a súa estrutura, senón tamén o seu sistema de funcionamento, funcións e competencias. Só este carácter global permitirá situalo non no deseño previsto, senón no que o propio órgano se situou, para o cal se fai indispensable o estudio da súa xurisprudencia.

Non está de máis comezar por lembrar que a regulación constitucional deste órgano segue no esencial o modelo alemán¹, excepto na súa pertenza ó poder xudicial. A Lei fundamental de Bonn² define a posición do Tribunal Constitucional alemán como cúspide do sistema xudicial, configurando, ó mesmo tempo, unha xurisdicción concentrada de control de constitucionalidade. Isto último tamén acontece en España, pero en teoría o noso Tribunal Constitucional non é a cúspide do poder xudicial, senón que o é o Tribunal Supremo. Como expresou a doutrina, “en Alemania la supremacía del Constitucional está clara desde el principio por el hecho de existir los mencionados cinco tribunales supremos especializados (uno administrativo, otro financiero, otro laboral, y así: *cfr.* art. 95 de la *Grundgesetz*) de manera que ninguno de ellos puede ser realmente supremo, máxime por haber en cada *Land* un tribunal constitucional propio”³.

En canto á natureza do noso Tribunal é orixinalmente lexislativa, aínda que unha serie de funcións residuais (conflictos de competencias, recursos de amparo) fan que na práctica sexa moi problemática a atribución dunha natureza determinada a este órgano. Hai que ter presente que, se ben son residuais, supoñen o maior volume de traballo do Tribunal. Podemos dicir que, na práctica, exerce máis como órgano xudicial que como lexislativo. Esta diferente natureza terémola en conta á hora de expoñer-las súas funcións.

Parte da normativa que o regula tamén vai participar deste carácter problemático que rodea a natureza do Tribunal Constitucional, en concreto a súa Lei orgánica. Esta lei en teoría é como as demais orgánicas. Aínda que na práctica é a máis importante despois da Constitución e dos estatutos, pola elemental razón de que a constitucionalidade de tódalas demais vai ser xulgada polo órgano regulado por ela. Incluso o seu artigo 28 se permite ampliar-lo ámbito da constitucionalidade, posto que lle ordena ó Tribunal que non só teña en conta a Constitución senón tamén os estatutos de autonomía.

¹ “El modelo que nuestros constituyentes adoptarán tanto en la norma constitucional cuanto en la LOTC que la desarrolla, es el modelo alemán, bien que con alguna variante importante, en opinión de García de Enterría”. FERNÁNDEZ SEGADO, F., *La jurisdicción constitucional en España*, Madrid, 1984, p. 48.

² Art. 92 da Lei fundamental de Bonn.

³ PEREIRA MENAUT, Antonio Carlos, *Invitación ó estudio da Constitución da Alemania*, Santiago de Compostela, 1995, p. 62.

2. Estructura

Os artigos 159.1 e 160 da Constitución configuran a súa estrutura. Componse de doce maxistrados, os cales elixen un deles para que exerza o cargo de presidente. Tense demostrado que poñer un número par de maxistrados non é bo; nun caso de empate decide o voto de calidade do presidente, que vale por dous nestas situacións. É un principio dos órganos colexiados que o voto de calidade non sexa empregado para facer gañar á minoría (o presidente sabe que nun determinado conflito as forzas están 6-5; usa o seu voto para empatar, e por ser de calidade para gañar), porque en teoría o presidente debe funcionar como árbitro e conciliador entre os maxistrados. A andaina do noso Tribunal demostrou que, precisamente en casos dunha grande transcendencia social, cando máis ca nunca era conveniente o aspecto prudencial de calquera xurisdicción, vulnerouse esta regra consuetudinaria. Basta para iso recorda-la Sentencia 53/1985, sobre a Lei do aborto, ou a 111/83, sobre o Real decreto-lei 2/1983, do 23 de febreiro, sobre expropiación do grupo RUMASA.

A súa organización interna está recollida nos artigos 6 a 11 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional. O Tribunal Constitucional está dividido en dúas salas de seis maxistrados, e só se reúne en Pleno para as cuestións máis importantes. Dentro das salas hai seccións, de tres membros, que se encargan dos asuntos ordinarios: a admisión ou non de recursos, etc. (art. 8).

Polo que respecta á forma de recrutar os seus membros prevista no artigo 159.1 da Constitución, en teoría parece un bo sistema, pero, na práctica, se un goberno conta cunha grande maioría durante moitos anos pode influír de maneira decisiva na composición dos membros, se ben é certo que existen freos, como a renovación por tercios e a existencia de maioría cualificada no Congreso e no Senado para a súa elección, a composición en abril de 1995, despois de doce anos ininterrompidos de goberno do Partido Socialista, dáno-la razón⁴.

Finalmente, a súa posición constitucional non casa ben co principio de separación de poderes; Kelsen mesmo dicía que debía segui-las directrices do lexislativo e, de feito, os seus compoñentes non teñen prohibido pertencer a un partido político, como ocorre cos xuíces. O feito de que o go-

⁴ Ver *ABC*, 1.IV.95, p. 21. Dos catro membros nomeados polo Congreso, dous foron polo PSOE, un polo PSOE xunto co PP, e o outro polo PSOE xunto con CiU. Do Senado, tres polo PSOE e un polo PP. O Goberno nomeou dous. E por parte do Consello Xeral do Poder Xudicial un foi nomeado polo PP e outro polo PSOE xunto co PP. Deste xeito vemos que o PSOE nomeou, sen necesidade de buscar ningún apoio, sete dos doce compoñentes, e ademais influíu no nomeamento de tres máis, o que supón un total de dez.

berno elixa dous deles, ou que apoie a súa candidatura un determinado grupo político no Congreso ou no Senado é relevante para a súa imparcialidade. Na Constitución e na Lei orgánica do Tribunal Constitucional defínese como intérprete da Constitución. Pero a súa natureza híbrida político-xurisdiccional é unha fonte de problemas: por iso en Portugal e Italia non se ocupan do recurso de amparo.

3. Funcións e competencias do Tribunal Constitucional

É o intérprete supremo da Constitución. Esta primeira función, que lle serve de base ó resto de papeis que se lle outorgan ó Tribunal Constitucional, está implícita ó longo da regulación constitucional, e expresamente dita no artigo 1 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional: “O Tribunal Constitucional, como intérprete supremo da Constitución...”.

Desta afirmación o propio Tribunal saca unha serie de consecuencias que nos van servir para situalo dentro dos órganos que compoñen o Estado.

En primeiro lugar, vai deixar claro desde o principio que non só é o máximo intérprete senón, ademais, o único que vincula tódolos poderes do Estado. A seguinte sentenza maniféstao en termos tallantes:

“Non cabe dúbida de que as Cortes Xerais, (...), poden legislar en principio sobre calquera materia sen necesidade de posuír un título específico para iso, pero esta potestade ten os seus límites derivados da propia Constitución, e, en todo caso, o que as Cortes non poden facer é colocarse no mesmo plano do poder constituínte, (...). Ó Tribunal Constitucional correspóndelle, na súa función de intérprete supremo da Constitución (art. 1 da LOTC), custodiar a permanente distinción entre a obxectivación do poder constituínte e a actuación dos poderes constituídos, os cales nunca poderán supera-los límites e as competencias establecidas por aquel”⁵.

Por outra parte, a través do que a doutrina chama sentencias interpretativas (as que non declaran inconstitucional a norma impugnada, sempre que se entenda no sentido que lle dean aquelas), o Tribunal Constitucional efectúa un labor claramente legislativo. Con palabras do propio Tribunal:

⁵ STC 76/1983.

“As chamadas en parte da doutrina sentencias interpretativas, isto é, aquelas que rexeitan unha demanda de inconstitucionalidade ou, o que é o mesmo, declaran a constitucionalidade dun precepto impugnado na medida en que se interprete no sentido que o Tribunal Constitucional considera como adecuado á Constitución, e non se interprete no sentido (ou sentidos) que considera inadecuados, son, efectivamente, un medio (...) para non producir lagoas innecesarias no ordenamento (...) O Tribunal Constitucional é intérprete supremo da Constitución, non lexislador, e só cabe solicitar del pronunciamento sobre adecuación ou inadecuación dos preceptos da Constitución”⁶.

É curioso observa-lo último parágrafo, onde parece que se deu conta de que invade o papel do lexislador. Ós tribunais constitucionais chamóuselles “lexisladores negativos” pola facultade de anula-las leis que se opuxesen á Constitución. Pero o que fai o Tribunal Constitucional español neste tipo de sentencias é un paso máis, convértese en lexislador positivo (aínda que hai un límite, posto que a actividade do Tribunal Constitucional é rogada).

O Tribunal Constitucional ten tan asumida esa función que chegou a dicirle ó lexislador o posible contido dunha futura norma:

“Na medida en que nin polo seu teor literal, nin a través da remisión a outros preceptos, o artigo 4.2 [da Lei do IRPF] non abre ningunha posibilidade de suxeición separada ó imposto dos membros da unidade familiar, para atender eses supostos nos que a suxeición conxunta é imposible ou carece de toda xustificación, pero só nesa medida, a norma nel contida ha de ser considerada contraria á Constitución. Que esa posibilidade á que nos referimos sexa establecida polo lexislador como opción libre e incondicionada do contribuínte, xunto á suxeición conxunta, ou como fórmula utilizable só en supostos determinados, é cousa que unicamente ó lexislador lle toca decidir, no caso de que non opte, como tamén é en principio constitucionalmente posible, por facer da suxeición separada ó imposto a regra universal”⁷.

É dicir, poderá introduci-la posibilidade á que se refire o Tribunal Constitucional dunha maneira ou doutra, pero en calquera caso, debe introducila na futura lexislación.

Vemos, por tanto, que de se-lo intérprete supremo se desprende que é o único súas sentencias ou decisións respecto do cal teñen efectos *erga omnes* e que ademais pode actuar (aínda que non deba) como lexislador positivo *de facto*.

⁶ STC 5/1981.

⁷ STC 45/1989.

Unha segunda nota característica é que non está vinculado a nada salvo á propia Constitución, cuestión que quixo deixar clara xa na súa primeira sentenza:

“O Tribunal Constitucional actúa como intérprete supremo (art. 1 da LOTC), de maneira que a súa interpretación dos preceptos constitucionais, é dicir, a definición da norma, se impón a tódolos poderes públicos. Correspóndelle, por iso, ó Tribunal Constitucional, no ámbito xeral das súas atribucións, afirmar-lo principio de constitucionalidade, entendido como vínculo á Constitución de tódolos poderes públicos”⁸.

Hai que lembrar que, tradicionalmente, o principio de legalidade era o principal en materia de fontes do dereito, pero a promulgación da Constitución supuxo a substitución deste polo de constitucionalidade. Calquera lei pode ser, en principio, revisada polo Tribunal Constitucional e adaptada á Constitución. Desta forma, aínda que o principio de legalidade segue vixente, xa non ten a mesma importancia que antes, senón que por riba del está o de constitucionalidade. O que establece en qué consiste ese principio é o Tribunal Constitucional, isto dámos idea do enorme poder que ten. Ata tal punto que a doutrina recoñeceu que coa súa soa existencia altera o tradicional principio de separación de poderes, e a súa función creadora de dereito cambia o sistema de fontes⁹.

Este poder aumenta se temos en conta que tampouco se encontra vinculado pola súa propia doutrina, como establece o artigo 13 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional: “cando unha Sala considere necesario apartarse en calquera punto da doutrina constitucional precedente sentada polo Tribunal, a cuestión se someterá á decisión do Pleno”. E o propio Tribunal Constitucional dixo que:

“... o vínculo deste tribunal á doutrina establecida nas súas anteriores decisións, por importante que sexa, non pode produci-lo efecto de invariabilidade ou inmutabilidade xurisprudencial...”¹⁰.

Ó interpreta-las leis, o Tribunal Constitucional actúa como auténtica fonte do dereito, isto abunda no seu papel de lexislador positivo que, en principio, non debería ter. Recoñeceuno ó dicir que:

“... é misión do tribunal interpreta-la Constitución, pero tamén e, sobre todo, preserva-los dereitos fundamentais dos cidadáns de acordo co seu propio réxime xurídico, cando

⁸ STC 1/1981.

⁹ GARCÍA MARTÍNEZ, Asunción, *El recurso de inconstitucionalidad. El proceso directo de inconstitucionalidad*, Madrid, 1992, p. 26.

¹⁰ STC 199/1987.

este exista, ou producindo no réxime legal os reaxustes que sexan necesarios pola vía dunha interpretación dos preceptos legais conforme coa Constitución”¹¹.

Nesta sentenza maniféstase de forma lapidaria cómo entende o Tribunal o seu labor, que excede con moito a función de mero lexislador negativo. E é que, a través da resolución dos recursos de amparo, pode entrar a axuizar grande cantidade de leis mediante a práctica¹² de que unha das súas seccións lle presente ó Pleno, cando este o considere conveniente, o asunto do que se ocupa, e poder entón anula-la lei con eficacia *erga omnes*. Por tanto, está por riba de todo o ordenamento xurídico, excepto –en principio– da Constitución, o vínculo da cal recoñece ó establecer que:

“Se esa hipotética reforma futura da estrutura do Tribunal Constitucional fose concorde coa Constitución, non poderá este mesmo tribunal opoñerse a ela; se non o fose non podería considerala lexítima”¹³.

Ocorre, sen embargo, que a pesar deste recoñecemento o Tribunal Constitucional, mediante a interpretación da Constitución, se converte nun poder constituínte permanente, posto que, de entre as diversas interpretacións que poden facerse da Constitución ó axuiza-la conformidade dunha lei con ela, só vale a do Tribunal Constitucional.

En definitiva, como sucede noutros países (Alemaña, Estados Unidos), o problema consiste nun autocontrol do propio órgano e, no fondo, hai que confiar nos maxistrados que o compoñen. No noso sistema non hai ningún órgano capaz de controla-lo Tribunal Constitucional, excepto, claro está, a través dunha reforma constitucional e da súa propia lei orgánica.

En canto ás súas competencias, aínda que se verán máis adiante, é clarificador o seguinte esquema de Torres del Moral¹⁴:

a. Competencias internas ou sobre o exercicio da súa propia xurisdicción:

1. É o único órgano constitucional que ten competencia para decidir sobre as súas propias competencias.
2. Decide libremente sobre a admisión dos recursos e cuestións constitucionais e, posteriormente, ten gran autonomía para decidi-lo curso do proceso: cuestións prexudiciais e incidentais, práctica da proba, etc.

¹¹ STC 8/1985.

¹² Art. 55.2 LOTC.

¹³ STC 66/1985.

¹⁴ TORRES DEL MORAL, Antonio, *Principios de Derecho Constitucional español*, Madrid, 1992, vol. II, p. 403.

3. Ten autonomía regulamentaria e presupostaria.
4. Elixe as súas propias autoridades e decide sobre o cesamento ou suspensión dos seus membros.

b. Competencia de control de constitucionalidade das leis e normas co seu rango:

1. Resolución dos recursos de inconstitucionalidade.
2. Resolución das cuestións de inconstitucionalidade ou recursos en vía incidental.
3. Declaración sobre a constitucionalidade do texto dos tratados, antes de serlles prestado o consentimento estatal.

c. Competencia sobre o exercicio de competencias por parte doutros poderes públicos: resolución dos conflitos constitucionais.

1. Conflictos de competencias.
2. Conflictos entre órganos constitucionais.

d. Competencia sobre a protección dos dereitos fundamentais e liberdades públicas: resolución dos recursos de amparo.

Seguiremos este esquema nas súas liñas xerais para o estudo das súas competencias.

4. Funcións de natureza lexislativa: resolucións con efectos *erga omnes*

É a única función propiamente lexislativa porque a defensa dos dereitos e liberdades nos recursos de amparo e a resolución dos conflitos de competencias son xurisdiccionais, como xa indicamos. Está regulada nos artigos 27 a 40 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional.

a. *A cuestión de inconstitucionalidade.*

Dispón o artigo 163 da Constitución que: “Cando un órgano xudicial considere, nalgún proceso, que unha norma con rango de lei, aplicable ó caso, da validez da cal dependa a sentenza, poida ser contraria á Constitución, formulará a cuestión ante o Tribunal Constitucional nos supostos, na forma e cos efectos que estableza a lei, que en ningún caso serán suspensivos”.

O previsto na Constitución complétase cos artigos 35 a 37 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional, que se limitan a concretar detalles sobre o procedemento que hai que seguir; e co establecido polo Tribunal Constitucional nas súas sentencias.

Desde o principio, o Tribunal Constitucional mostrouse interesado en que non se produza un abuso deste procedemento, de maneira que axiña fixo unha matización sobre a posibilidade da formulación da cuestión:

“Cando a cuestión (o asunto que está xulgando o xuíz ordinario) non está condicionada pola norma (da constitucionalidade da cal se dubida) ou esta perdeu vixencia pola promulgación doutra posterior con transcendencia ó caso ou por vías interpretativas, cabe a súa adecuación ó ordenamento constitucional, a formulación da cuestión (de inconstitucionalidade) non está xustificada”¹⁵.

O cal non é senón reconducir ós seus estrictos termos o artigo 35.1 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional, que dispón: “Cando un xuíz ou Tribunal, de oficio ou a pedido de parte, considere que unha norma con rango de lei, aplicable ó caso e da validez da cal dependa a sentenza, poida ser contraria á Constitución, formularalle a cuestión ó Tribunal Constitucional con suxeición ó disposto nesta lei”.

O Tribunal Constitucional preocupouse de que o mecanismo da cuestión de inconstitucionalidade se usase só cando fose estrictamente necesario, como pode verse no seu auto 10/1983. Nel sae ó paso da práctica dos avogados de interpoñer un recurso de amparo por denegación da tutela xudicial efectiva do artigo 24.1 da Constitución, por non lle ter formulado ó tribunal ordinario a cuestión de inconstitucionalidade. Esta era unha práctica común. Consistía en que co fin de poder chegar con posterioridade ó recurso de amparo, aumentando así o número de instancias xudiciais e con iso as posibilidades de obter unha sentenza favorable, se alegaba durante o proceso a inconstitucionalidade da lei aplicable ó caso. Solicitábaselle ó xuíz que lle consultase ó Tribunal Constitucional a presunta inconstitucionalidade mediante o procedemento da cuestión, de xeito que se o xuíz non facía a consulta cabía a posibilidade de recorrer en amparo.

En moitas ocasións a norma presuntamente inconstitucional non era tal, ou polo menos non lle formulaba dúbidas ó xuíz. Se o Tribunal Constitucional admitise esta práctica

¹⁵ STC 14/1981. As parénteses son miñas.

da avogacía, as cuestións de inconstitucionalidade formuladas poderían chegar a bloquealo. Ademais, suporía o acceso automático (máis do que, como se explicará, xa é) ó recurso de amparo, a través de calquera preito (o cal non é querido nin pola Constitución nin pola Lei orgánica do Tribunal Constitucional). Por iso, e conforme ó artigo 163 da Constitución que establece que a dúbida debe ser do xuíz e non das partes, o Tribunal Constitucional decidiu naquel auto que:

“Iso significa que se o órgano xudicial non ten dúbidas acerca da constitucionalidade da norma, senón que a considera axustada ou conforme á Constitución, non ten por qué formula-la cuestión da inconstitucionalidade aínda que así llo pida a parte (...). En consecuencia (...), non produciu no recorrente ningunha lesión nos dereitos recollidos no artigo 24 da Constitución”¹⁶.

De forma máis clara e tallante exprésao na seguinte sentenza, que recolle, ademais, a xurisprudencia anterior:

“O dereito á tutela xudicial efectiva, sen embargo, non foi vulnerado, a teor da xurisprudencia deste Tribunal, que xa se iniciou coa Sentencia do Tribunal Constitucional 17/1981, do 1 de xuño...‘o artigo 35 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional non obriga a que un órgano xudicial formule a cuestión cando llo pida unha parte, senón que a formulación só se ha de producir cando o xuíz ou tribunal de que se trate considere que a norma, da validez da cal dependa a sentenza, pode ser contraria á Constitución’... O citado artigo 35 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional non contén un recurso a disposición das partes dun proceso, do cal fose privado o recorrente. Pola contra, a cuestión de inconstitucionalidade é un medio para asegurar-la supremacía da Constitución, que lle corresponde en forma exclusiva ó órgano xudicial... a circunstancia de que as partes e o fiscal deban ser oídos antes da formulación da cuestión de inconstitucionalidade, invocada polo recorrente en apoio da súa pretensión, non significa de ningún xeito que eles teñan un ‘dereito’ a que os órganos expresen dúbidas sobre a constitucionalidade da norma aplicable e, por conseguinte, utilicen este medio xurídico de protección da supremacía do dereito constitucional”¹⁷.

b. *O recurso de inconstitucionalidade.*

O artigo 161.1.a) da Constitución dispón que o Tribunal Constitucional é competente para ocuparse: “Do recurso de inconstitucionalidade contra leis e disposicións normativas

¹⁶ ATC 10/1983.

¹⁷ STC 133/1987.

con forza de lei. A declaración de inconstitucionalidade dunha norma xurídica con rango de lei, interpretada pola xurisprudencia, afectará a esta, se ben a sentenza ou sentencias recaídas non perderán o valor de cousa xulgada”.

A súa eficacia, tipicamente kelseniana, é *erga omnes* e a lexitimación activa vén recollida no artigo 162.1 a): “Están lexitimados para interpoñer recurso de inconstitucionalidade o presidente do Goberno, o defensor do pobo, cincuenta deputados, cincuenta senadores, os órganos colexiados executivos das comunidades autónomas e, no seu caso, as asembleas dos mesmos”.

En canto á lexitimación das comunidades autónomas, o artigo 32.2 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional é máis concreto: “Para o exercicio do recurso de constitucionalidade contra as leis, disposicións ou actos con forza de lei do Estado, que poidan afectar ó seu propio ámbito de autonomía, están tamén lexitimados os órganos colexiados executivos e as asembleas das comunidades autónomas, tras acordo adoptado para o efecto”.

Este artigo da Lei orgánica do Tribunal Constitucional recorta, en parte, a posibilidade que lles outorga a Constitución ás comunidades autónomas, de interpoñer-lo recurso de inconstitucionalidade, ó esixir que as leis, disposicións ou actos con forza de lei do Estado central afecten ó seu propio ámbito de autonomía (cousa que non fai a Constitución). De feito, nas primeiras sentencias resoltas polo Tribunal Constitucional é frecuente atopar, nas alegacións do avogado do Estado, a falta de lexitimación da Comunidade Autónoma, por non afectarlle a lei discutida ó seu ámbito de autonomía.

Aínda que ó principio o Tribunal Constitucional seguiu esta orientación amputadora de lexitimación autonómica, máis tarde aumentou esta lexitimación, amparándose no interese obxectivo e xeral de depuración do ordenamento xurídico. Ampliase a posibilidade de interposición do recurso por parte das comunidades autónomas, para que, deste xeito, o Tribunal Constitucional expulse do ordenamento as posibles normas inconstitucionais, o cal lle vén moi ben, porque pode decidir en máis supostos e, polo tanto, gañar en poder. Este novo enfoque queda claro na seguinte sentenza:

“Así, polo que se refire á interpretación do artigo 32.2 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional, xa declaramos pre-

cedentemente que a dita concreción non pode producir unha redución da lexitimación das comunidades autónomas que non estea xustificada polo texto do propio precepto legal, nin por outras consideracións..., este Tribunal vén entendendo, desde a Sentencia 84/1982, do 23 de decembro, que a lexitimación das comunidades autónomas para interpoñer recursos de inconstitucionalidade contra as leis do Estado 'se estende obxectivamente ó ámbito dos seus intereses peculiares que, evidentemente, se ven afectados pola regulación estatal dunha materia acerca da cal tamén a Comunidade Autónoma en cuestión dispón de competencias propias, aínda que distintas das do Estado. O feixe de competencias da Comunidade Autónoma, plasmación positiva do seu ámbito propio de autonomía, é, simplemente, o lugar onde se ha de situar o punto de conexión entre o interese da Comunidade e a acción que se intenta, pero o obxectivo que esta persegue, a pretensión a que dá lugar, non é a preservación ou delimitación do propio ámbito de competencias, senón a depuración obxectiva do ordenamento mediante a invalidación da norma inconstitucional'. Esta mesma doutrina foi despois aplicada reiteradamente noutras decisións deste Tribunal..., nas que se sinala que 'non cabe confundir co conxunto das competencias da Comunidade recorrente' aquela afectación á que alude o artigo 32.2 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional"¹⁸.

Por conseguinte, non cabe confundir a lexitimación que o artigo 162.1.a) da Constitución e o 32.2 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional lle outorgan ás comunidades autónomas para interpoñer o recurso de inconstitucionalidade, coa que teñen para interpoñer outro recurso distinto, como é o conflito de competencias, que estudiaremos máis adiante. O primeiro non está ó servicio da reivindicación dunha competencia violada (o que supón un interese particular da Comunidade Autónoma), senón dun interese xeral: a depuración do ordenamento xurídico.

O recurso de inconstitucionalidade está configurado para servir ó interese xeral de defensa da Constitución e non para atender intereses particulares, xa dos cidadáns (ós que non se lles recoñece este dereito), xa das comunidades autónomas ou, incluso, do Estado central¹⁹. Isto é algo que desde o principio tivo claro o Tribunal e, na sentenza que recolemos, admíteo como doutrina consolidada:

"É doutrina pacífica á que xa fixemos referencia, acolléndoa na nosa Sentencia 5/1981 (fundamento 3º), a de que a facultade de promover o recurso de inconstitucionalidade

¹⁸ STC 199/1987.

¹⁹ Tanto as comunidades autónomas coma o Estado central, ó ser persoas xurídicas de dereito público, non poden ter intereses particulares coma os cidadáns. Aquí referímonos ó interese dos dous por regular unha determinada materia, é dicir, o interese de defensa da súa competencia que non se protexe a través destes recursos senón do conflito de competencias, que veremos a continuación.

non a outorga a Constitución en proveito dun interese propio de quen a recibe, senón en virtude da alta cualificación política que resulta do seu cometido constitucional. Non se defende mediante este recurso ningún interese ou dereito propio, senón o interese xeral e a supremacía da Constitución”²⁰.

Este recurso antes podía interpoñerse, polas mesmas persoas que quedaron ditas, con carácter previo á entrada en vigor da lei, pero eliminouse esta posibilidade. Agora só existe un caso no que pode interpoñerse este recurso antes de que unha norma sexa publicada como lei. Referímonos ó previsto no artigo 95.1 da Constitución: “A realización dun tratado internacional que conteña estipulacións contrarias á Constitución esixirá a previa revisión constitucional”.

Antes de que o Goberno ratifique un tratado e pase a formar parte como unha lei máis do ordenamento interno español, o propio Goberno ou calquera das cámaras poden solicitar que o Tribunal Constitucional declare a conformidade ou non do tratado coa Constitución. Estaría máis acorde coa teoría kelseniana que o recurso puidese utilizarse tamén con carácter previo á entrada en vigor de calquera lei, pero en 1985 eliminouse esta posibilidade porque, a xuízo do Goberno, obstruía a súa acción.

5. Funcións de natureza xudicial: resolucións con efectos interpartes

a. Os conflitos de competencias.

Xa nos referimos ós conflitos de competencias para diferenciarlos do recurso precedente en virtude do distinto interese que se persegue coa súa interposición. As diversas modalidades que poden adoptar, segundo os órganos que entren en relación, son: entre órganos do Estado; entre Estado-comunidades autónomas; e comunidades autónomas entre si.

O traballo monográfico desenvolve e analiza o proceso do cambio na defensa contra incendios forestais en Galicia. Introduce o tema cunha perspectiva histórica sobre a situación do problema, a súa dimensión e impacto, desde finais dos anos 60 ata o ano 1989, e as consecuencias económicas

e ecolóxicas derivadas dun sistema insatisfactorio nos plans de organización e operación. Exprésase, a continuación, o contexto dos estímulos e presións dos contornos, externo e interno, para o cambio no enfoque e solución do problema. Saliéntase, a seguir, o papel do liderado político como motor do cambio, que se estrutura desde a planificación en dúas fases: interface de adaptación (PLAN-90) e PLAN INFOGA anual (91-92-93). O procedemento do cambio planificado analízase desde a perspectiva das modernas estratexias, nas que os contidos e os procesos de operación retroalimentan (*feedback* positivo) a elaboración e desenvolvemento dos sucesivos PLAN INFOGA. Por último, inclúese unha breve referencia sobre os indicadores de eficacia e eficiencia e expóñense as conclusións extraídas do proceso do cambio na defensa contra os incendios forestais en Galicia.

Antecedentes históricos

Dimensión do problema

A triste historia da destrución incendiaria dos montes de Galicia, afonda as súas raíces no período neolítico. Desde hai 4.000 anos o home deste país vén queimando, como práctica habitual, a superficie forestal dispoñible en cada momento; e ata é posible que o lume percorrese varias veces, en prolongados e espaciados períodos de tempo, a dita superficie. Pero, a concentración de incendios forestais producida no curto espazo de tempo que vai desde 1968 ata os nosos días, confírelle ó problema unha gravidade inquestionable, e acádase, no ano 1989, a escandalosa cota de máis de 200.000 ha destruídas polo lume.

Ata tal punto chegara a inquietude social polo fenómeno, que enquisas realizadas no ano 1989 confirmaron que, para a opinión pública, os incendios forestais eran o primeiro problema que se lle presentaba á sociedade galega, sendo máis notable esa preocupación entre a poboación rural que no medio urbano.

A simple exposición de datos estatísticos, en moitas ocasións, non reflicte a auténtica dimensión da realidade que se intenta describir. E aínda máis se os datos son valores absolutos. Sen embargo, no caso das cifras globais que amosan os parámetros descritivos do desastre incendiario dos montes galegos entre 1968 e 1989, bastan por si mesmas para pór en evidencia a magnitude do problema (anexo 1). En efecto, nos vintedous anos considerados, o número de lumes acadou a cifra de 55.609 e a superficie queimada de monte pasou de 11.862 quilómetros cadrados. Se facemos unha sinxela análise comparativa, tendo en conta que a superficie xeográfica de Galicia se aproxima ós 30.000 quilómetros cadrados e o solo dedicado a monte alcanza á volta dos 20.000, dedúcese inmediatamente que no período 68-69 o fogo percorreu (en porcentaxes aproximadas) o 40% da superficie xeográfica e preto do 59% do solo dedicado a monte.

Nos datos estatísticos reflectidos no anexo 1 hai un alto grao de “non fiabilidade”, debido a un nesgado enfoque do problema dos incendios forestais en Galicia nese período, contabilizándose practicamente só os incendios de verán e, maioritariamente, en montes de xestión pública. As cifras reais, pois, tanto en número de lumes como en superficie, aínda son máis elevadas. Unha consecuencia negativa máis da deficiente estrutura organizativa e operacional do órgano administrativo responsable de facerlle fronte ó problema.

As perdas materiais foron elevadas (perdas directas). Desde o ano 69 ata o 89, ambos inclusive, os danos calculados en función da madeira queimada e do prexuízo e menor valor da aproveitable, acadaron máis de 40.000 millóns de pesetas en suma de valores correntes anuais, sen considera-la cantidade global de investimentos en prevención, detección e extinción. No ano 1989, bateu tódalas cotas: máis de 10.000 millóns de pesetas.

Pero, non é só o escandaloso estrago económico onde se estaba a produci-la catástrofe. É na resposta da natureza a esa agresión onde se albiscaban procesos de tendencia irreversible: desarticulación de ecosistemas forestais; alteración de biocenoses e biótopos; cambios sutís de microclimas; etc. E a paisaxe, tan delicadamente empastada no espacio xeográfico e na armazón existencial do home galego. A desertización de Galicia “estaba servida”.

Sistema organizativo e operativo

Aínda que a Lei 81/1968, do 5 de decembro (Lei de incendios), e o Decreto 3.769/1972, do 23 de decembro, que a desenvolve, ó considera-lo incendios forestais como unha cuestión de orde pública, responsabilizan as autoridades gubernativas (gobernadores civís e alcaldes) da loita contra este tipo de sinistros, de feito esta era levada a cabo pola Administración forestal, concretamente o Instituto para a Conservación da Natureza (ICONA).

No ano 1984 efectuouse a transferencia parcial de competencias e recursos da Administración central á Comunidade galega, segundo o Real decreto 1.535/84, do 24 de xuño. No que se refire a incendios transferíronselle á Xunta de Galicia as competencias que mantiña ICONA.

Sen embargo, independentemente de qué Administración pública exercese a titularidade das competencias, existiu ata o ano 1989, incluído, un fío conductor que mantivo, practicamente inalterados, tanto o sistema organizativo coma o procedemento operativo da loita contra incendios forestais, coa conseguinte "fosilización" de procesos e o acelerado derrubamento moral de grande parte da organización, ante a impotencia para lle facer fronte ó problema.

Situándonos, pois, no ano 1989, como representativo e emblemático no que se refire a estragos económicos e ecolóxicos provocados polos incendios forestais, a Administración autonómica dotada xa (desde 1984) de competencias para facerlle fronte ó problema, caracterizábase por uns sistemas, organizativo e operativo, totalmente insuficientes, que, en termos empresariais, poderíamos considerar como "estructuras coadxuvantes" da creba técnica na que se encontraba o monte. En efecto, o diferencial entre o destruído polo lume e o creado por repoboación ou rexeneración natural supuña cifras permanentemente negativas tódolos anos.

Así pois, ¿cales eran as bases organizativas e os procedementos operativos na loita contra incendios forestais en Galicia ata o ano 1989?

1. Organización territorial.

A loita contra os incendios forestais levábase a cabo a escala provincial. Con independencia dos medios achegados polos concellos, case sempre inexistentes, contábase coa gar-

dería forestal do Servicio de Montes, normalmente dedicada a múltiples traballos que tiñan que abandonar cando xurdiría un lume, e persoal que se contrataba, só durante o verán, para esta tarefa. A dirección e coordinación da extinción era levada a cabo polas xefaturas provinciais do Servicio de Montes.

2. Criterios de actuación.

Para a defensa dos montes, e conseguinte extinción de incendios, establecíase unha orde de prioridades: montes propiedade do Estado; en consorcio; comunais e particulares. Sempre en primeiro lugar o arboredo, atendendo lumes en monte raso só cando o arboredo próximo corría perigo. Carecíase dun obxectivo explícito, aínda que subxacía a idea de eliminar os lumes. En definitiva, toda a organización, que non era específica para a loita contra o lume forestal, estaba imbuída dunha actitude reactiva ante este problema; transida de rutinas burocráticas históricas; e xerarquizada formalmente de arriba abaixo con nula ou mínima coparticipación e corresponsabilidade.

3. Medios.

Polo que respecta ás dotación en medios humanos, contábase co persoal de gardería forestal que, aínda que só estaba reunido durante o horario normal de traballo e dedicado a outras tarefas distintas ás específicas de prevención e loita contra o lume, podía localizarse a calquera hora (cun tempo de reacción, ás veces excesivamente prolongado) para acudir a aqueles lumes que “pagaba a pena” (eliminación do resto do problema, ignorándoo). Ademais, como xa se dixo, no verán había grupos de persoas temporalmente contratadas.

No que se refire ós medios materiais, as clásicas motobombas para extinción (escasas); aparatos de radiocomunicación integrados nunha rede de cobertura insuficiente; etc. Tamén, desde 1981, avións anfibios de ICONA e algún helicóptero de transporte a partir de 1987.

A situación no mes de novembro de 1989, despois do desastre ocorrido ata ese momento, era a seguinte:

1. Agravamento dun problema histórico de Galicia (os incendios forestais), cun colapso político e administrativo no que se refire á formulación de solucións e toma de decisións.

2. Un clamor popular, inzado de indignación, e ata un certo grao de alarma social, que presionaba ós poderes públicos para encontraren saída ó longo e tétrico túnel dos incendios forestais.

Os fundamentos do cambio

A necesidade do cambio como imperativo do contorno

Atopámonos, pois, cun problema histórico, os incendios forestais, de amplas e profundas repercusións económicas e ecolóxicas para Galicia. E para facerlle fronte, a Administración autonómica, a Xunta de Galicia, en 1989, só posuía un feble instrumento administrativo e técnico, mal organizado, adscrito xenericamente a uns servicios de montes de carácter polivalente en materia forestal.

Ante unha situación tan insatisfactoria, a única posibilidade de entrever unha fenda de luz no escuro túnel da historia incendiaria de monte galego debería proceder dun cambio radical que modificase o sistema organizativo e de operación, contando con poderosos estímulos ou imperativos externos e internos. E ese cambio debería posuí-las características dunha “innovación modernizadora” máis cá dunha reforma administrativa de “formato burocrático” exclusivamente (no sentido que apunta o profesor Prats Catalá, *Papers Esade* núm. 82, abril 1992).

A finais dos anos 80, a opinión pública galega, as organizacións forestais profesionais e a fracción máis lúcida de técnicos forestais ó servicio da Administración autonómica, confluían nas súas opinións e análise ó diagnostica-los problemas básicos do monte galego:

1. O control dos incendios forestais é condición *sine qua non* para calquera proxecto de creación de riqueza no espacio forestal (“punto cero de inflexión”).

2. A elaboración dun plan integral de ordenación, produción e transformación industrial dos produtos do monte galego percíbese como unha necesidade absoluta.

As presións internas e externas eran fortísimas no sentido dun novo enfoque estratéxico da función do monte en Galicia (nas súas vertentes económica e ecolóxica), e a ne-

cesaria transformación ou cambio na organización da Administración forestal galega para adaptala (?) ós novos tempos que se albiscaban.

Sen lugar a dúbidas, unha das condicións de viabilidade para un posible cambio modernizador na administración forestal galega, duradeiro e estable, estaba a producirse. Segundo A. Tofler (*The adaptive Corporation*, 1985) é decisivo que existan grandes presións externas e internas a prol do cambio.

Vexamos, brevemente, algunhas das circunstancias obxectivas que constituían, naquel momento, un contorno de imperativos técnicos, económicos, ecolóxicos e de organización:

a. En 1989 existían en Galicia menos dun millón de hectáreas con arboredos, das que tan só unhas 650.000 tiñan aproveitamento. A súa produción media anual dos últimos anos estaba arredor dos cinco millóns e medio de metros cúbicos de madeira, o que representaba o 35% da produción en España e o 4,4% da producida na CE (hoxe UE). A superficie con arboredo galega era o 10% da española e o 1,5% da CE.

Unhas e outras cifras relativas indican tanto a elevada produtividade dos montes galegos por unidade de superficie, en relación coa media europea, coma o volume significativo da nosa produción forestal coa total da Europa comunitaria. Sen embargo, estaba (e está) moi lonxe de acadalo seu potencial productivo óptimo, debido basicamente a unha alta descapitalización forestal e á practica dunha silvicultura de recolección. Sen dúbida nesta situación influíron:

- A alta incidencia dos incendios forestais.
- A deficiente estrutura das explotacións.
- A falta de organización interna do sector.

b. En 1989 as perdas directas en termos económicos de madeira queimada, sen contabilizar outras producións forestais, foron arredor de 10.000 millóns de pesetas; e esa madeira, transformada en produtos derivados, acadaría un valor final de 30.000 millóns de pesetas.

As perdas ecolóxicas, aínda que son difíciles de avaliar economicamente, tradúcense nunha serie de danos e perdas do patrimonio natural, entre os que se destacan:

■ Unha perda de solo vexetal por erosión hídrica, que se pode avaliar en 22 toneladas métricas por hectárea, de termo medio, e que considerando as máis de 200.000 hectáreas queimadas en 1989, pode dar unha idea do desastre ecolóxico sufrido. “Visualizado” pola maioría da poboación galega.

■ A percepción social negativa que se xera nos usuarios da natureza: máxima no citado ano.

No que se refire ós gastos de prevención e extinción dedicados no bienio 1988-89 á loita contra incendios forestais, e que se poden estimar nuns 4.000 millóns de pesetas en diversas actuacións, hai que salienta-la súa escasa ou nula eficacia, tanto pola carencia dunha organización adecuada, dun programa específico de acción e dun enfoque erróneo deste gravísimo problema.

O liderado político

É evidente que a reforma dun órgano ou sistema administrativo, sexa organizativa ou operacional, comporta unha decisión política que, na maioría dos casos, é realizada dentro dun contexto de rutinas administrativas por quen exerce o control da Administración pública nese momento. Ademais, estas reformas normalmente, de pasaren da fase declarativa e normativa, pérdense por colapsos funcionais, por estar mal deseñado o proceso.

Pola contra, se o cambio organizativo e operacional vén demandado pola esixencia de solución dun problema real, así percibido por tódolos axentes sociais, a modernización administrativa devén en “cuestión” pública e pode incorporarse á axenda política, é dicir, convértese nunha política pública (Prats Catalá, *op. cit.*).

Se botamos unha ollada a cómo estaba a situación política no marco galego no ano 1989, e ás actuacións e posicionamentos respecto do grave problema dos incendios forestais, constátase o seguinte:

1. Inminentes eleccións xerais autonómicas a fins de ano.
2. Impotencia do Goberno autonómico en exercicio para controlar e domina-lo desastre incendiario do monte galego.
3. Formulación do cambio radical na loita contra os incendios forestais, por parte do principal partido da opo-

sición, con declaracións explícitas dos seus máximos dirixentes, e introducción programática no contexto do “libro branco” sobre estratexia política, presentado nese ano electoral.

Á vista do exposto anteriormente, pódese dicir que tanto as condicións políticas obxectivas coma os enfoques e evolución do problema dos incendios forestais, permitían enxergar unha saída á crise.

Sen embargo, a pesar de tódalas declaracións e vontades concitadas arredor do problema e das súas solucións, é de xustiza sinalar que a sociedade galega, no ano 1989, tiña asumido que o auténtico líder capaz de enfrontarse con éxito ó problema era o candidato á Presidencia da Xunta de Galicia polo principal partido da oposición. É dicir, a opinión pública identificou o “líder do cambio coa lexitimidade para autorizar e promove-lo proceso”. O propio candidato fixo público o seu compromiso, asumido como reto persoal, político e institucional, de enfrontarse co problema desde unha perspectiva de innovación modernizadora:

- Creación de novas estruturas para a xestión do cambio.
- Proxección de novas funcións cunha visión de futuro.
- Mensaxe clara á sociedade galega, sobre a decidida vontade de levar a cabo os cambios desexados na defensa contra os incendios forestais.

O proceso do cambio

Planificación do cambio: Organizativa e operativa

A finais do ano 1989, os resultados das eleccións xerais autonómicas permiten o acceso ó poder do principal partido da oposición e, polo tanto, a posibilidade de acometer un “cambio planificado” do sistema organizativo e operativo na defensa contra os incendios forestais.

En efecto, durante o período comprendido entre xaneiro e marzo de 1990, o Gabinete *ad hoc* creado na Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, establece a base normativa da nova organización e perfila o Plan de loita contra os incendios forestais para 1990.

Polo Decreto 205/1990, do 15 de marzo, establécese a estrutura orgánica da citada consellería, creándose a Subdirección Xeral de Defensa contra Incendios Forestais, adscrita á Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, coa misión de programar, executar, avaliar e realiza-lo seguimento das medidas e accións contra os incendios forestais; e elaborar estudos e análises de causalidade. Incluídos orgánica e funcionalmente na devandita subdirección, créanse os servicios de defensa contra incendios forestais (en adiante SDCIF) coa misión de executa-la acción de loita contra estes sinistros.

Concíbese desde o primeiro momento que o cambio debe incluí-las seguintes características:

- a. *Planificado*: xerado por un esforzo deliberado (vontade política e administrativa) de modificación radical do sistema.
- b. *Global*: diríxese ó sistema organizativo e operacional no seu conxunto.
- c. *Estratéxico*: os elementos esenciais da organización fican afectados, ó ser un proceso de carácter innovador: novos roles fronte ó contorno; estrutura básica de división de responsabilidades e funcións; e introducción dunha cultura organizativa e operativa diferente.

Como queda expresado, o rol de axente do cambio que, en termos políticos, se identifica co liderado xurdido das eleccións xerais autonómicas, é asumido inmediatamente (marzo de 1990) pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, cunha formulación de innovación gradual no tempo: quadrienio da lexislatura (1990-1993), incluída unha interface de adaptación e un desenvolvemento de implantación, execución e avaliación sistemática. É dicir, sobre un contexto dado da problemática incendiaria do monte en Galicia, proxéctase un procedemento interactivo de carácter dinámico e no que as catro fases clásicas do cambio planificado:

1. diagnóstico da situación insatisfactoria
2. planificación da acción
3. execución da acción e
4. avaliación da acción,

se constitúen en referentes permanentes tanto na interface de adaptación (1990) coma no desenvolvemento a me-

dio prazo (91-93) dos cambios na organización e na operación.

Así pois, sobre o contexto dado do “estado da situación en 1989” (diagnóstico estático), xa sucintamente relatado no apartado de ANTECEDENTES HISTÓRICOS, concíbese a instrumentación do cambio a través de PLANS anuais que, partindo do PLAN-90 como interface de adaptación, se concretan nos PLAN INFOGA dos tres anos seguintes. E esta planificación, contrastada experimentalmente ó longo destes últimos catro anos, proxéctase como instrumento básico da transformación organizativa e do novo enfoque na defensa contra incendios forestais (contexto e contido), así como dos procedementos operativos, incluídos no PLAN INFOGA (91-92-93). É dicir, establécense os principios e os obxectivos que cumprir pola Subdirección Xeral de Defensa contra Incendios Forestais, e os seus SDCIF, e elabóranse os PLANS anuais que, implicitamente, inclúen procesos de retroalimentación derivados da análise e seguimento das catro fases citadas do cambio planificado.

O gabinete creado *ad hoc* en marzo de 1990, diseña o proceso, cun horizonte de catro anos (a lexislatura completa) aberto ó futuro, en dúas fases:

1. A curto prazo: tratamento urxente de “choque” co PLAN-90 (interface de adaptación).

2. A medio prazo: PLAN INFOGA (91-92-93), como instrumentos de implantación do cambio nun proceso aberto cara ó futuro.

Ó mesmo tempo, e en paralelo, deséñase o organigrama da subdirección xeral (anexo 2) e establécese a división por provincias e comarcas (territorialización) dos SDCIF (anexo 3), que adquiren rango legal inmediatamente (Decreto 205/1990, do 15 de marzo). Este deseño organizativo inicia a súa implantación real e operativa no ano 1991, coincidindo coa posta en práctica do correspondente PLAN INFOGA. Nun plano paralelo instrumentase o procedemento administrativo para a captación dos recursos humanos, a través dos correspondentes concursos e oposicións, que permita dotar de infraestrutura técnica os órganos centrais e territoriais creados. É dicir, a arquitectura dos novos servicios responde a un criterio de descentralización funcional e coordinación vertical do mando en tódolos banzos da nova organización.

Esta nova concepción estrutural devén en auténtica modernización administrativa no sentido que diversos tratadistas lle dan ó tema (K. Echebarría, Prats Catalá, etc.). En efecto, a reforma convértese en innovación desde o momento en que aparecen novos axentes de cambio, participantes dun proxecto aberto, inédito na loita contra os incendios forestais en Galicia: cada individuo desde a súa situación na malla organizativa creada, central, provincial e comarcal, participa na xestión do cambio planificado, nun proceso interactivo permanente de verificación das catro fases clásicas, xa citadas, do mesmo.

Por último, como marco referencial de crenzas e valores, fíxanse os principios nos que se basea a loita contra os incendios forestais e establécense os obxectivos como paradigma que acadar no proceso aberto do cambio.

Principios nos que se basea a defensa contra incendios forestais

Na loita contra incendios forestais establécense como principios básicos os seguintes:

1. Vontade de vencer.
2. Participación cidadá.
3. Acción de conxunto.
4. Intervención rápida.
5. Concentración de esforzos.

1. Vontade de vencer.

Firme propósito de todo o persoal implicado na loita contra incendios forestais de interporse ó lume en calquera situación, por desfavorable que esta sexa. Polo seu carácter moral, este principio é sen dúbida o máis importante dos cinco e o que ha de impulsar e soste toda a loita contra incendios. De nada serven os medios se o home que debe manexalos carece de ánimo, resolución, perseverancia e solidariedade para empregalos.

2. Participación cidadá.

Só poderán obterse resultados definitivos e satisfactorios cando a totalidade do corpo social asuma e participe na necesidade de rematar co dano dos incendios forestais.

Nesta tarefa teñen un protagonismo relevante as administracións locais, os medios de comunicación social e os centros de ensino a tódolos niveis.

Así mesmo, é labor prioritario das xefaturas comarcais impulsar e fomentar esta colaboración.

3. Acción de conxunto.

Concorrencia a un mesmo fin de cantas administracións e organismos deben intervir na loita contra incendios forestais (Xunta de Galicia, Delegación de Goberno, gobernos civís, deputacións provinciais, municipios, ICONA, Garda Civil, Forzas Armadas). Con todos eles é necesario establecer medidas de coordinación para aumenta-la eficacia da loita contra incendios forestais.

4. Intervención rápida.

Consiste en chegar canto antes á zona do incendio para inicia-la extinción.

De feito, a única verdade axiomática universalmente admitida na loita contra incendios é que canto menos tempo transcorre entre o inicio do incendio e o seu primeiro ataque, antes se apaga e menores son os danos que se producen. Para iso:

- É de importancia primordial detecta-lo incendio canto antes e comunicárllelo de inmediato ós órganos encargados da extinción, aproxima-los medios de extinción no menor tempo posible á zona do incendio e toma-las decisións adecuadas axiña.

- Estes factores implican unha eficaz vixilancia (postos fixos de observación, patrullas móbiles e recoñecementos aéreos), unha eficaz comunicación (rede de transmisións), unha adecuada distribución dos medios no tempo e no espazo (unidades organizativas comarcais e reservas coas necesarias quendas de traballo) e unha coordinación e control permanentes (centros de coordinación e control comarcais, provinciais e autonómico).

5. Concentración de esforzos.

É a aplicación no momento e no lugar das accións convenientes para alcanza-lo obxectivo proposto.

Resulta tamén evidente que cantos máis medios interveñan na extinción de incendios antes se apaga e, como consecuencia, menor será o dano. Por iso, tratarase de que desde o comezo e desde os centros de coordinación e control se ordene e acudan a cada incendio:

- Unha brigada do núcleo de reserva máis próximo.
- Unha brigada e unha motobomba da dotación comarcal.
- Unha brigada e unha motobomba municipal no caso de que exista dispoñibilidade.

Obxectivos dos servicios de defensa contra incendios forestais

1. Obxectivo xeral

O obxectivo xeral dos SCDIF é reducir ó máximo os danos ecolóxicos, económicos e sociais producidos polos incendios forestais, dentro dos recursos dispoñibles.

2. Control do obxectivo xeral.

De acordo co obxectivo xeral e para acadar unha maior eficacia, deberán incrementarse as accións preventivas e de extinción nas zonas máis castigadas polo lume e nas de maior interese forestal e ecolóxico, para que sexan contrarrestados, con razoable seguridade, aqueles lumes que poidan causa-los maiores danos e perdas.

Por iso, establécense como obxectivos de control os seguintes:

a. Reduci-la superficie queimada polo lume:

- Computaranse as superficies queimadas arborizadas e rasas. O seguimento realizarase diariamente.

b. Reduci-lo tamaño dos lumes grandes:

- Uns poucos lumes son responsables da maior parte da superficie queimada e un incendio grande causa máis dano ca moitos pequenos en igualdade de superficie.

■ Mensualmente, e por provincias, redactarase histograma do número de lumes, en termos absolutos e porcentuais, computando superficie arborizada e rasa, clasificados segundo os seguintes grupos:

- a.** 0,1 has. ou menos.
- b.** Entre 0,2 e 1 has.
- c.** Entre 1,1 e 10 has.

d. Entre 10,1 e 25 has.

e. Entre 25,1 e 50 has.

f. Entre 50,1 e 100 has.

g. Maiores de 100 has.

■ Non se pode ter un control absoluto sobre os lumes que se producen, pero si facelos máis pequenos. Este obxectivo pode formularse así: “reduci-lo número de lumes grandes, aínda que sexa a base de que aumente o número dos pequenos”.

■ A representación do histograma en termos porcentuais é unha boa medida da eficacia conseguida, e comparable coa doutros anos, excepto os catastróficos.


c. Reduci-lo número dos grandes incendios:

■ Considérase grande incendio o dunha superficie queimada maior de 25 has. O seguimento realizarase diariamente.

d. Reduci-lo número de lumes:

■ De acordo cos estudos sobre causalidade realizados, polo menos o 30% dos lumes débense ás tres causas seguintes: queima de restrollos e residuos agrícolas, queima para pastos e queima de matos en leiras para a súa limpeza. Sobre estas e outras causas planificaranse accións encamiñadas á súa eliminación.

■ Os lumes clasifícanse en conato, queima ou incendio, de acordo coa seguinte gráfica:



■ O obxectivo pode formularse así: reduci-lo número total de lumes e/ou diminuí-lo número de incendios, aínda a forza de aumenta-lo de conatos.

3. *Obxectivos complementarios.*

■ Previr accidentes e aumenta-la seguridade persoal.

■ O traballo na loita contra os incendios forestais entraña constantes riscos persoais que é preciso prever e evitar.

■ Mante-la moral de todo o persoal implicado na loita contra incendios forestais.

■ Conforme ó principio VONTADE DE VENCER deben tomarse tódalas accións necesarias para que a moral do persoal non decaia.

■ Mellora-la preparación do persoal do SDCIF.

■ Preparación adecuada, tanto para o cadro de persoal do SDCIF como para o contratado temporalmente.

■ Fomenta-la colaboración dos veciños, entidades locais e comunidades veciñais.

■ Sen a colaboración cidadá non se poderán obter resultados definitivos e satisfactorios.

■ Continuar co labor de investigación nas súas dúas vertentes: investigación policial e investigación das causas.

4. *Obxectivos particulares.*

Da análise do seguimento e control anual derivaranse os obxectivos particulares para o ano seguinte.

Interface de adaptación

Como xa quedou expresado, o procedemento do cambio planificado deseñado en 1990 concibiuse como un proceso interactivo de actuacións paralelas no plano teórico, organizativo e operativo. É dicir, ó mesmo tempo que se sentaban as bases conceptuais, de contidos programáticos e organizativos, procedíase á elaboración e posta en práctica inmediata do PLAN-90, como auténtico “tratamento de choque” fronte ó grave problema acumulado dos incendios forestais. Tratábase, pois, de atende-la demanda urxente (contorno interno e externo) de afronta-lo problema e, ó mesmo tempo, aproveita-la experiencia desta interface de adaptación (PLAN-90) para a elaboración e desenvolvemento dos futuros PLAN INFOGA (91-92-93).

O PLAN-90 incluíu os seguintes instrumentos e accións:

1. Programa específico (422-C), dotado dun orzamento de choque (anexo 4).
2. Progresiva implantación do organigrama da subdirección xeral.
3. Implantación restrinxida da comarcalización dos servizos, a través do establecemento de zonas piloto (anexo 5) como aquelas que pola súa importancia económica, ecolóxica, tipo de propiedade ou capacidade de resposta esperada, permitisen desenvolver accións tendentes a mingua-los impactos dos incendios forestais, e servisen de modelo para a súa aplicación ó resto do territorio autonómico nos futuros PLAN INFOGA (91-92-93).
4. Incremento cuantitativo e cualitativo dos medios materiais.
5. Introducción dun novo sistema operativo nas accións de detección e extinción dos incendios forestais.
6. Actuacións de silvicultura preventiva e inicio dun programa de creación de infraestruturas de protección (puntos de auga, atalladas, faixas auxiliares, etc.).
7. Iniciación de programas de formación para o persoal que se ía incorporando ó PLAN, despois dos correspondentes concursos e oposicións.
8. Creación dun despacho técnico externo, que sirva de apoio á Subdirección Xeral.
9. Coordinación institucional a través dun órgano *ad hoc*, o Comité Galego de Defensa dos Montes contra Incendios Forestais, copresidido polo presidente da Xunta e o delegado do Goberno en Galicia.

A introducción do cambio planificado concibiuse, polo tanto, non como un simple procedemento de reforma ou substitución dunha actividade, dunha función, dunhas persoas ou unhas técnicas concretas; supuxo, en realidade, o inicio dunha dinámica de acontecementos que abriron un proceso de aprendizaxe cara ó futuro. En efecto, o cambio autoincluía formulacións básicas e procesos de implantación entre os diferentes niveis dos axentes protagonistas; e proxectábase con vontade política de continuidade no tempo.

A valoración do desenvolvemento do PLAN-90 e dos resultados obtidos considerouse no marco da consecución de dous obxectivos tácticos na escala temporal do “curto prazo” (ano 1990):

1. *Obxectivo eficacia*: a través da diminución radical da superficie queimada do monte e dos correspondentes *ratios* de superficie por incendio.

2. *Obxectivo socio-económico*: conseguir que a sociedade galega percibise, por primeira vez, que “era posible afrontar con éxito o problema dos incendios forestais” e, en consecuencia, reactiva-lo sector productivo forestal ó diminuí-lo risco de destrucción do monte polo lume.

Os dous obxectivos tácticos citados tiveron un grao de cumprimento máis que apreciable. En efecto:

1. *Obxectivo eficacia*.

Ano	Número incendios	Has. Sup. Arb.	Has. Sup. Rasa	Has. Sup. Total	Has. S.A. N.I.	I. e.
1989	9.405	93.116	112.277	205.392	9,90	10,10
1990	7.058	16.599	32.945	49.544	2,35	42,50

A significación dos *ratios* S.A./N.I. e I. e. figura no anexo 1.

Isto é, o índice de eficacia multiplícase por catro no ano 1990, con respecto ó ano 1989.

2. *Obxectivo socio-económico*.

2.1. A enquisa realizada nos tres primeiros meses de 1991 por ALEF-MILLWARD BROWN, en colaboración con Estudos e Iniciativas Forestais S.L. (SESFOR), sobre “expectativas de redución dos incendios forestais”, presenta as seguintes cifras:

- Pódense chegar a eliminar: 25,9%
- Pódense reducir bastante: 64,1
- Pódense reducir pouco: 6,7%
- Son inevitables: 2,3
- NS/NC: 1,0%

2.2. A partir do “punto cero” que supón a contención do lume no monte, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia inicia en 1991 a elaboración do PLAN FORESTAL, como documento técnico que ha de perfilalo modelo de monte na próxima xeración.

Estes obxectivos tácticos, utilizados como instrumentos de medición do “valor” da nova organización e do sistema de defensa contra o lume no monte, na interface de adaptación, incluído o seu impacto positivo sobre o contorno social e a economía forestal, estaban xa implícitos nos OBXECTIVOS que acadar no proceso aberto de cambio planificado, e adquiren plena realidade no desenvolvemento dos sucesivos PLAN INFOGA anuais (91-92-93).

Desenvolvemento do proceso de implantación: PLAN INFOGA

No mes de outubro de 1990, unha vez rematada a campaña de defensa contra incendios forestais, e analizado o desenvolvemento do PLAN-90, coa súa correspondente avaliación, a unidade central do proceso de cambio composta pola Subdirección Xeral e o Despacho Externo de Apoio Técnico, adopta as seguintes medidas para logra-la difusión e institucionalización do proceso de cambio:

1. Constitución dun grupo permanente de traballo e coordinación, integrado pola Subdirección Xeral, as catro xefaturas provinciais de defensa contra incendios forestais e o Despacho Externo de Apoio Técnico.
2. Constitución de catro grupos permanentes de traballo e coordinación, a imaxe do grupo central, formados polas respectivas xefaturas provinciais e as xefaturas comarcais de cada provincia.
3. Elaboración do PLAN INFOGA-91 pola unidade central do proceso, coa participación interactiva dos axentes descentralizados do cambio: xefaturas provinciais e xefaturas comarcais.

As medidas adoptadas introducen no proceso a xestión participativa en todas e cada unha das catro fases clásicas:

- a. O diagnóstico da situación faise permeable a través de tódolos chanzos da organización.
- b. A planificación da acción institucionalízase co procedemento interactivo de elaboración do PLAN INFOGA.
- c. A execución da acción é asumida polos axentes descentralizados do cambio, a través da correspondente desagregación económica e administrativa a escala de provincia e comarca, e da autonomía operativa centrada prioritariamente no nivel comarcal.

d. A avaliación da acción constitúese nun proceso vivo de retroalimentación, ó ser tódolos axentes do cambio copartícipes, en diferentes niveis organizativos e operativos, do desenvolvemento do PLAN INFOGA.

A segunda fase do cambio planificado (proxección a medio prazo) iníciase, pois, coa elaboración e desenvolvemento do PLAN INFOGA correspondente a 1991, e continúaase cos dos anos 1992 e 1993. A estrutura básica dos INFOGA anuais do trienio mantense nas súas liñas fundamentais, variando dun ano para o outro aqueles aspectos organizativos e operativos que a verificación experimental da súa implantación e desenvolvemento aconsella realizar. É dicir, o procedemento de loita contra os incendios forestais, concretado en cada PLAN anual, concíbese como un proceso aberto que permite introducir as correccións precisas para a mellora dos indicadores de eficiencia.

O PLAN INFOGA, en definitiva, ten por obxecto establecer a organización e procedemento de actuación dos recursos e servicios, a titularidade dos cales lle corresponde á Comunidade galega, e a daqueles que poidan ser asignados pola Administración do Estado ou por outras entidades públicas ou privadas, co fin de facerlles fronte ás emerxencias por incendios forestais dentro do territorio galego. Todo iso co obxectivo de permitir, de se-lo caso, unha coordinación e actuación conxunta dos diversos servicios e administracións implicados.

A coordinación concíbese, pois, en dous niveis:

1. Coordinación técnica e administrativa pola unidade central (Subdirección Xeral e Despacho Externo de Apoio Técnico).
2. Coordinación institucional, a través do Comité Galego de Defensa dos Montes contra Incendios Forestais, copresidido polo presidente da Xunta e o delegado do Goberno en Galicia, e integrado por representantes das diferentes administracións públicas.

O marco legal básico no que se apoian os PLAN INFOGA (91-92-93) é o seguinte:

- Lei 81/1968, do 5 de decembro, de incendios forestais.
- Decreto 3.769/1972, do 23 de decembro, polo que se aproba o regulamento da Lei de incendios forestais.
- Real decreto 1.535/84, do 20 de xuño, sobre o Estatuto de autonomía de Galicia.

- Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, de protección civil.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 4/1989, do 27 de marzo, de conservación dos espazos naturais.
- Decreto 205/1990, do 15 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.
- Regulamento do 23/7/92, da Comunidade Económica Europea.
- Resolucións anuais da Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, sobre medidas para a prevención de incendios forestais.

Os PLAN INFOGA, así mesmo, inclúen no seu deseño un procedemento de control permanente do proceso de aplicación anual, instrumentado en dous niveis:

1. Análise e avaliación do desenvolvemento do PLAN INFOGA, a través de reunións periódicas dos grupos de traballo e coordinación, central e provinciais.
2. Seguimento diario dos resultados pola unidade central e as xefaturas provinciais, a través dun parte informatizado con diversos campos e parámetros de información: número de lumes, localización, inicio e duración, superficies, medios empregados, etc. (anexo 6).

Aspecto tamén fundamental do proceso interactivo inmerso na estrutura dos PLAN INFOGA constitúeo a elaboración, ó remata-la aplicación anual dos mesmos, do documento de seguimento e avaliación que, unha vez debatido polos axentes do cambio, retroalimenta o seguinte PLAN INFOGA dende o autodiagnóstico da situación e o estado do problema dos incendios forestais, e a análise do proceso de planificación e execución anuais.

Por último, e como referencia ós indicadores clásicos do **management** privado, e para efectos descritivos, expónse un cadro onde se relacionan as dotacións orzamentarias dos PLAN INFOGA (91-92-93), a eficacia acadada e un “medidor” de eficiencia.

Ano Plan INFOGA	A Presuposto (Cap. VI) Mill. Pts	B Eficacia l. e.	C Eficiencia (B/A x 10)
1991	3.000	122	41
		▲ 91 241%	▲ 91 251%
		92	92
1992	2.850*	294	103
		▲ 92 162%	▲ 92 171%
		93	93
1993	2.700*	476	176

* Presuposto deflactado (un 5% anual) a pesetas constantes de 1991.

▲: Incrementos porcentuais de eficiencia.

B: Anexo 7.

Nota: Os ratios de eficacia e eficiencia deben considerarse para efectos de descripción da "eficiencia" obtida co cambio planificado na defensa contra incendios forestais, durante o trienio 91-93.

Conclusións

1. O proceso iniciado en 1990, dun cambio planificado na defensa contra os incendios forestais en Galicia, só foi posible pola conxunción dos seguintes factores:

- a. Existencia dunha presión do contorno social, na dirección de busca urxente de solucións para o problema.
- b. Eleccións lexislativas autonómicas, en decembro de 1989, que posibilitaron o acceso ó poder dunha alternativa cun proxecto definido de cambio no tratamento do problema.
- c. Liderado ó máis alto nivel, e vontade política de que a defensa contra os incendios forestais figurase como un dos "programas estrela" da nova lexislatura.

2. A natureza do problema, o seu devir histórico e a necesidade dun tratamento "de choque", determinaron que na concepción e na instrumentación do cambio planificado se utilizaran técnicas procedentes do **management** privado.

3. O desenvolvemento do PLAN-90, no seu contexto integrado de autodiagnóstico, planificación, execución e avaliación, iniciou o proceso de *feedback* positivo, presente xa nas correccións introducidas no deseño do PLAN INFOGA-91, e así sucesivamente nos seguintes PLAN INFOGA (92 e 93).


4. Os bos resultados obtidos co proceso do cambio planificado na defensa contra os incendios forestais en Galicia, á parte a innovación organizacional e operativa, e do incremento de medios materiais, fundamentáronse nos seguintes aspectos:

a. Transmisión a toda a organización, a todos e cada un dos axentes do cambio, dos principios e obxectivos do novo sistema.

b. Compromiso e adhesión dos axentes do cambio ás crenzas, valores e normas transmitidas.

c. Asunción de responsabilidades en tódolos niveis da organización, a través dos procesos de dirección participativa, descentralización administrativa, e desagregación económica e funcional, que xerou a estimulación moral das persoas comprometidas.

d. Recoñecemento pola sociedade galega do cambio operado na defensa contra os incendios forestais, que actuou como reforzo moral e acicate en toda a organización.

5. A consolidación do novo sistema de defensa contra os incendios forestais en Galicia, ensaiado con éxito ó longo destes catro últimos anos, esixe a asunción polos poderes públicos, nesta nova lexislatura que se inicia, da continuidade do esforzo, no convencemento de que o cambio planificado decidido en 1990 é un proceso aberto ó futuro que non permite "baixa-la garda": *as causas socio-estructurais, económicas e culturais aínda están presentes na xénese do problema.* 

■ ANEXO 1

Galicia						
Ano	Nº Incendios	S. arborada*	S. rasa*	S. total*	S.A. / N.I.*	I. e.
1968	376	5.462,80	5.657,90	11.120,70	14,53	6,88
1969	513	12.681,00	7.123,90	19.804,90	24,72	4,04
1970	1.165	6.976,50	10.669,50	17.646,00	5,99	16,70
1971	459	3.456,80	3.950,60	7.407,40	7,53	13,29
1972	1.104	10.036,10	18.832,50	28.868,60	9,09	11,00
1973	1.449	13.926,60	17.665,80	31.592,40	9,61	10,40
1974	1.414	19.974,70	22.095,20	42.069,90	14,13	7,08
1975	1.923	46.198,20	29.619,60	75.817,80	24,02	4,16
1976	2.146	47.395,70	32.450,00	79.845,70	22,08	4,53
1977	402	2.295,50	1.617,60	3.913,10	5,71	17,51
1978	3.642	56.380,40	63.253,30	119.633,70	15,48	6,46
1979	3.506	35.506,90	44.799,50	80.306,40	10,13	9,87
1980	1.974	10.355,80	14.257,50	24.613,30	5,25	19,05
1981	5.086	54.619,90	62.818,20	117.438,10	10,74	9,31
1982	2.394	16.211,80	20.053,50	36.265,30	6,77	14,77
1983	841	2.530,50	5.447,00	7.977,50	3,01	33,22
1984	2.924	16.900,20	21.988,10	38.888,30	5,78	17,30
1985	4.721	40.860,70	66.653,00	107.495,70	8,65	11,56
1986	2.370	14.503,10	16.478,60	30.981,70	6,12	16,34
1987	3.900	22.614,10	37.978,80	60.592,90	5,79	17,27
1988	3.895	13.112,20	25.477,20	38.589,40	3,37	29,67
1989	9.405	93.116,20	112.277,00	205.392,00	9,90	10,10
Total	55.609	545.115,50	641.164,30	1.186.260,80		

Non existe estatística anterior a 1968.

* Hectáreas.


S.A. / N.I.: Superficie arborada.

Nº de incendios


I. e.: Índice de eficacia: (N.I. / S.A.) x 100.

Fonte: Consellería de Agricultura, Gandería e Montes. Xunta de Galicia.

Consellería de Agricultura, Gandería e Montes
Organigrama da Subdirección Xeral de Defensa contra Incendios Forestais



Mapa de Galicia
División comarcal



**Programa "non específico" de ordenación,
reestructuración e fomento**
Orzamento "para incendios forestais"

Capítulo	Ano		
	89	88	87
VI	1.228	790	1.044
VII	377	293	—
Totais*	1.605	1.083	1.044

* Cantidades en millóns.

**Programa "específico" de prevención
e defensa contra incendios forestais**
Programa 422-C

Capítulo / Concepto	I	II	VI	VII	Totais*
Persoal	317				317
Varios		78			78
Prevención			1.003	2.200	3.203
Alerta e detención			457	32	489
Extinción			2.157	1.164	3.321
Totais*	317	78	3.617	3.396	7.408

* Cantidades en millóns.

Zonas piloto

PROVINCIA DA CORUÑA

■ Zona de Ortigueira

Comprende os municipios de:

- Cariño
- Cedeira
- Cerdedo
- Mañón
- Ortigueira
- Valdoviño
- Moeche
- Somozas

■ Zona de Ordes

Comprende os municipios de:

- Cereda
- Frades
- Mesía
- Oroso
- Ordes
- Tordoia
- Trazo

■ Zona da Maía-Barcala

Comprende os municipios de:

- Ames
- A Baña
- Brión
- Negreira
- Outes
- Rois
- Val do Dubra

PROVINCIA DE LUGO

■ Zona da Mariña central

Comprende os municipios de:

- Alfoz
- Cervo
- Foz
- Valadouro

■ Zona de Ancares

Comprende os municipios de:

- Becerreá
- Cervantes
- As Nogais
- Pedrafita

PROVINCIA DE OURENSE

■ Zona de Vilamartín

Comprende os municipios de:

- Amoeiro
- Coles
- A Peroxa
- Vilamarín

■ Zona da Limia sur

Comprende os municipios de:

- Bande
- Entrimo
- Lobeira
- Lobios
- Muíños

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Comprende os municipios de:

- Arbo
- Mondariz
- Mondariz-Balneario
- As Neves
- Ponteareas
- O Porriño
- Salceda de Caselas
- Salvaterra do Miño

Listado parametrizado

N. INC	PR	ES	T	DATA IN	HO IN	DATA FI	HO FI	CO	MUNICIPIO	PARROQUIA	EMI	C	S. ARB.	S. RASA	S. TOTAL	T	F	C	C
1693	15	00	C	25/08/93	18:55	25/08/93	20:15	04	Boiro	Cures	C42	I	0.0	0.0	0.01	0	0	0	S
1694	15	00	C	25/08/93	19:00	25/08/93	20:15	04	Ribeira	Palmeira	C00	I	0.1	0.1	0.15	0	0	0	S
790	27	00	C	25/08/93	17:25	25/08/93	17:55	06	Sober	Neiras	L63	I	0.0	0.1	0.12	0	1	0	S
1266	32	00	C	25/08/93	00:50	25/08/93	01:45	03	Melón	Quines	064	I	0.0	0.5	0.50	0	0	0	S
1268	32	00	C	25/08/93	01:30	25/08/93	02:10	07	Laza	Castro	000	I	0.0	0.0	0.01	0	1	0	S
1269	32	00	C	25/08/93	01:13	25/08/93	02:20	03	Villamarín	León	085	I	0.0	0.1	0.05	0	0	0	S
1273	32	00	C	25/08/93	13:05	25/08/93	14:30	03	Melón	Quines	064	D	0.0	0.0	0.03	0	1	0	S
1274	32	00	C	25/08/93	16:10	25/08/93	16:30	04	Pobra de Trives	Mendoya	000	I	0.0	0.4	0.40	0	1	0	S
1275	32	00	C	25/08/93	18:30	25/08/93	19:50	01	Celanova	Castromao	061	I	0.0	0.3	0.30	0	1	0	S
1276	32	00	C	25/08/93	20:05	25/08/93	20:36	04	Parada do Sil	Edrada	000	I	0.0	0.0	0.01	0	0	0	S
1277	32	00	C	25/08/93	20:45	25/08/93	01:20	07	Monterrei	Flariz	000	I	2.2	0.5	2.70	1	1	0	S
1278	32	00	C	25/08/93	20:20	25/08/93	21:30	05	Xunqueira de Ambia	Graña	053	I	0.0	0.0	0.02	0	1	0	S
1279	32	00	C	25/08/93	21:15	25/08/93	22:00	06	Ourense	Beiro	061	I	0.0	0.2	0.20	0	1	0	S
1280	32	00	C	25/08/93	23:00	25/08/93	02:55	07	Cualedro	Montes	000	I	0.0	0.2	0.20	1	1	2	S
1777	36	00	C	25/08/93	00:05	25/08/93	00:20	02	Mondariz	Sabaxanes	P25	I	0.0	0.0	0.01	0	1	0	S
1778	36	00	C	25/08/93	00:10	25/08/93	00:25	03	Vigo	Saianes	P85	D	0.0	0.0	0.01	0	1	0	S
1779	36	00	C	25/08/93	01:20	25/08/93	01:50	05	Tomiño	Tomiño	P23	I	0.0	0.1	0.06	0	1	0	S
1780	36	00	C	25/08/93	02:00	25/08/93	02:05	02	Mondariz	Vilasobroso	P00	I	0.0	0.0	0.01	0	1	0	S
1781	36	00	C	25/08/93	07:00	25/08/93	07:15	02	Mondariz	Vilasobroso	P25	I	0.0	0.0	0.04	0	0	0	S
1782	36	00	C	25/08/93	13:30	25/08/93	13:50	05	O Rosal	Rosal	P23	I	0.0	0.0	0.01	0	2	0	S
1783	36	00	C	25/08/93	15:10	25/08/93	15:20	02	Ponteareas	Ribadetea	P00	I	0.0	0.0	0.01	0	0	0	S
1784	36	00	C	25/08/93	15:10	25/08/93	15:28	05	Tomiño	Tebra	P23	I	0.0	0.0	0.02	0	0	0	S
1785	36	00	C	25/08/93	13:35	25/08/93	14:00	02	Arbo	Mourentan	P25	I	0.0	0.1	0.06	0	0	0	S
1786	36	00	C	25/08/93	14:00	25/08/93	14:25	02	Arbo	Mourentan	P00	I	0.0	0.1	0.07	0	1	0	S
1787	36	00	C	25/08/93	15:35	25/08/93	15:55	05	Tomiño	Tomiño	P23	I	0.0	0.0	0.01	0	0	0	S
1788	36	00	C	25/08/93	16:15	25/08/93	16:45	05	Gondomar	Vincios	P22	Q	0.1	0.6	0.60	0	0	0	S
1789	36	00	C	25/08/93	17:45	25/08/93	18:00	03	Mos	Tameiga	P85	D	0.0	0.0	0.04	0	0	2	S
1790	36	00	C	25/08/93	17:30	25/08/93	18:15	04	Vilagarcía de Arousa	Carril	P42	I	0.0	0.0	0.01	0	1	0	S
1791	36	00	C	25/08/93	15:50	25/08/93	16:30	03	Vigo	Navia	P36	I	0.0	0.2	0.15	0	0	0	S
1792	36	00	C	25/08/93	18:00	25/08/93	18:25	03	Vigo	Navia	P36	I	0.0	0.1	0.10	0	0	0	S
1793	36	00	C	25/08/93	19:30	25/08/93	19:45	02	Mondariz	Gargamala	P25	I	0.0	0.0	0.02	0	0	0	S
1794	36	00	C	25/08/93	21:45	25/08/93	22:05	02	A Cañiza	Valeixe	P25	I	0.0	0.0	0.01	0	0	0	S
1795	36	00	C	25/08/93	21:45	25/08/93	22:10	02	Salvaterra do Miño	Corzanes	P00	I	0.0	0.0	0.01	0	0	0	S

Superficie arborada: 2.48.
Superficie rasa: 3.47.
Superficie total: 5.95.

Nº liñas tratadas: 33
Nº reproducciones: 0

Consellería de Agricultura, Gandería e Montes
Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural
Informe provisional de lumes

	NÚMERO				SUPERFICIE ARBORADA			
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontev.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontev.
1989	11	10	11	36	62	12	22	95
1990	10	10	1	7	7	0	0	13
1991	9	19	35	10	0	2	9	2
1992	6	3	19	13	1	0	0	0
1993	2	1	11	19	0	0	2	0
	Galicia				Galicia			
1989	68				191			
1990	28				20			
1991	73				12			
1992	41				1			
1993	33				2			

	SUPERFICIE RASA				SUPERFICIE TOTAL			
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontev.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontev.
1989	98	34	28	243	160	46	50	338
1990	36	5	1	6	43	5	1	19
1991	3	46	77	0	3	48	86	2
1992	0	0	16	1	1	0	16	1
1993	0	0	2	1	0	0	4	1
	Galicia				Galicia			
1989	403				594			
1990	48				68			
1991	127				139			
1992	18				19			
